



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A OBRA DA “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LÓXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”

Monforte de Lemos, 5 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Ethel M^a Vázquez Mourelle, na súa condición de Presidenta do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), en virtude da representación legal que ten atribuída no artigo 5 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS.

Doutra parte, D. José Tomé Roca, na súa condición de Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de réxime local, consonte o disposto no art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o IGVS é un organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, para a realización da política de solo da Xunta de Galicia, na que se enmarca a promoción urbanística e a actividade urbanizadora, a que pode levar a cabo directamente ou mediante as empresas públicas por el participadas, subscribindo, ao efecto, os oportunos convenios. Na actualidade está adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda mediante o Decreto 129/2015, do 8 de outubro.

SEGUNDO. Que o Concello de Monforte de Lemos, segundo dispoñen os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, deberá prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

TERCEIRO. Que, en virtude do disposto no artigo 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a colaboración e cooperación entre a Xunta de Galicia e as Entidades Locais poderá realizarse mediante a subscripcións de convenios. Así mesmo, o artigo 198 establece que a Xunta de Galicia e as Entidades Locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para unha máis eficaz e xestión e prestación de servizos da súa competencia, ademais de executar puntualmente obras ou servizos da competencia dalgunha das partes.

CUARTO. Que o IGVS é o promotor do proxecto sectorial da “Área Loxística e



Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia de 15.02.07 (DOG nº 64 do 30 de marzo) e modificado posteriormente por acordo do mesmo órgano o día 23 de outubro de 2008.

O IGVS, na súa condición de promotor, encargou á empresa pública Xestur Lugo, mediante encomenda de xestión de data 30 de decembro de 2010, a execución do “Proxecto de urbanización da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo) - 1ª Fase”. Unha vez concluídas as obras de urbanización, o 19 de decembro de 2013 formalizouse a correspondente acta de recepción das obras, asinada por Xestur Lugo, o contratista e a dirección técnica das mesmas, sendo ratificada polo IGVS.

QUINTO. Durante a execución das anteditas obras foron solicitadas as correspondentes autorizacións ante os organismos competentes. A tal efecto, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, non autorizou a conexión das augas residuais da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos á rede municipal, tal como estaba previsto no proxecto sectorial aprobado, porque o saneamento do núcleo de Monforte de Lemos presentaba problemas que impedían tratar novos vertidos.

A estación de depuradora de augas residuais (EDAR) do concello de Monforte foi posta en servizo no ano 1991, sendo deseñada para unha capacidade de 23.000 habitantes, equivalentes a un caudal medio de 3.225 m³/día. A día de hoxe, existen unha serie de deficiencias en relación cos colectores xerais e do seu funcionamento, resultando insuficiente para as actuais necesidades do concello.

SEXTO. Ante a situación descrita e co fin de dar solución ao saneamento de augas residuais interiores do Porto Seco, é necesaria a execución dun sistema de depuración propio que garanta o servizo de saneamento da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco, facilitando a actividade industrial na mesma.

SÉTIMO. En base ao exposto, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes e os beneficios que se derivarán para os habitantes do Concello de Monforte de Lemos, as partes asinantes manifestan a súa vontade de executar o citado proxecto. Con este fin, e tendo en conta a diversa natureza das actuacións que implica o proxecto no seu conxunto, cómpre artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións.

En consecuencia, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre o IGVS e o Concello de Monforte de Lemos para a execución e o financiamento do proxecto denominado “ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO



CABE (1ª FASE) DA ÁREA LÓXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)".

SEGUNDA. Obrigas das partes

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, as partes asinantes asumen as seguintes obrigas:

- O IGVS:

1. Redactar, polos seus propios medios, o proxecto denominado "Estación depuradora de augas residuais e bombeo saída río Cabe (1ª fase) da Área Lóxística e Intermodal Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo)".
2. Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio, nos termos expostos na cláusula terceira.
3. Realizar a recepción definitiva das obras conxuntamente co Concello de Monforte de Lemos.

- O Concello de Monforte de Lemos:

1. Someter a información pública o proxecto denominado "ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA RÍO CABE (1ª E 2ª FASE) DA ÁREA LÓXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)", mediante publicación no BOP, por prazo non inferior a vinte (20) días hábiles.
2. Tramitar e adxudicar a contratación das obras de acordo co proxecto aludido na cláusula primeira.

O concello iniciará e aprobará o correspondente expediente de contratación, incluído a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e, no seu caso, de prescricións técnicas, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público. No expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación do convenio formalizado, así como dos certificados de existencia de crédito e a documentación que acredita a súa retención.

O concello, ao que lle corresponderá a tramitación e adxudicación do contrato, actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes asinantes, con base neste convenio formalizado, e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas entre as partes e a forma de pagamento.

3. Dirixir as obras polos seus propios medios ou, no seu caso, contratar a dirección de obra, así como asumir todos os gastos derivados da contratación das devandita obras.



4. Tramitar as correspondentes autorizacións e solicitar os correspondentes informes, así como executar e coordinar as actuacións necesarias para a execución do proxecto citado.
5. Realizar a recepción definitiva das obras conxuntamente co IGVS.
6. Asumir a titularidade da estación de depuradora, una vez recepcionadas as obras, así como o seu posterior mantemento e conservación.
7. Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio, nos termos expostos na cláusula terceira.
8. Dar por recibidas as obras de urbanización correspondentes ao “Proxecto de urbanización da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos (Lugo) - 1ª Fase”, promovidas polo IGVS, coa sinatura do presente convenio, de acordo co disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sen prexuízo dos trámites ulteriores procedentes en materia de cesións.
9. Outorgar as licenzas oportunas ás empresas que se queiran instalar nas parcelas de dita Área Loxística, cumprindo a normativa para o efecto.

TERCEIRA. Compromisos económicos

O custo das actuacións contempladas no presente Convenio ascende a 287.980,00 €, (DOUSCENTOS OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS), IVE incluído.

O IGVS achegará o 50% do custo total das referidas actuacións, que ascende á cantidade de 143.990,00 €, IVE incluído, (CENTO CORENTA E TRES MIL NOVECENTOS NOVENTA EUROS), dos que 119.000,00 € (IVE excluído) irán a cargo da aplicación orzamentaria 08.80.531A.605.0 no exercicio orzamentario 2016.

O Concello de Monforte de Lemos achegará o 50% do custo total das referidas actuacións, que ascende á cantidade de 143.990,00 €, IVE incluído, (CENTO CORENTA E TRES MIL NOVECENTOS NOVENTA EUROS), para o que existe crédito suficiente no seu orzamento do exercicio orzamentario de 2016.

Cada unha das partes asinantes do presente convenio quedará obrigado respecto do contratista de forma mancomunada, de xeito que cada unha das partes non será responsable do pagamento da outra parte; non obstante, as partes concorren á cotitularidade do contrato, cuestión que deberá facerse constar expresamente nos correspondentes pregos da licitación. A ese efecto, por cada certificación de obra, o contratista expedirá unha factura para cada unha das administracións cofinanciadoras, polo 50% do importe total que se certifique.

As baixas do orzamento que se poidan producir coma consecuencia da adxudicación do concurso de execución das obras repercutirán de xeito proporcional aos custos asumidos por cada unha das partes. Do mesmo xeito, tamén serán asumido polas dúas partes os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución, así como das eventuais liquidacións definitivas.



CUARTA. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento do presente convenio, formada por un representante de cada unha das partes. As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- Propoñer a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

A petición de calquera dos seus membros, esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para para o desenvolvemento das súas tarefas.

QUINTA. Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á Xurisdicción contencioso-administrativa.

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ó disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e no apartado 2 do mesmo, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

SEXTA. Vixencia do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse sempre que as partes asinantes, de mutuo acordo, así o pactan con un mes de antelación ao remate do seu prazo de duración.

SÉPTIMA. Causas de extinción

Serán causas de extinción deste convenio as seguintes:

- a) Polo cumprimento do seu obxecto
- b) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes
- c) Por incumprimento das obrigas asumidas polas partes no presente convenio.
- d) Por mutuo acordo das partes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E
VIVENDA



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 – Fax 981 54 19 27

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento, no lugar e data do encabezamento.

Polo IGVS
A presidenta

Polo Concello
O alcalde

Ethel M^a Vázquez Mourelle

José Tomé Roca